



PLATAFORMA MEDIOAMBIENTAL DE CORRUBEDO

Rúa do Colexio, 8 15969 Corrubedo

corrubedo@altermundo.org

<http://altermundo.org/portal/content/blogsection/40/330/>



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa dos Basquiños, 9, baixo.15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo-e: adega@adega.info

Páxina electrónica: www.adega.info

O CONCELLO DE RIBEIRA PODE SALVAR A LAXE BRAVA

ADEGA e a Plataforma Medioambiental de Corrubedo apoian a moción presentada polo BNG local para que o concello de Ribeira solicite a declaración de *Espazo Natural de Interese Local* para a “Laxe Brava” (Corrubedo)

7 de agosto de 2008. Diante das intencións da Consellería de Pesca –coa complicidade indignante da de Medio Ambiente– de esnaquizar 308.000 m² de litoral corrubedense virxe na punta da Laxe Brava por medio do Plan de Acuicultura de Galiza, **o Concello de Ribeira pode escudarse na Lei Galega de Conservación para afastar os seus bens máis prezados das poutas das transnacionais e a especulación.** Sería mediante a declaración desta contorna como **“Espazo Natural de Interese Local”**

O BNG de Ribeira presentou o pasado 11 de xullo unha moción, que será tratada no primeiro pleno de setembro. A fórmula de **Espazo Natural de Interese Local**, prevista na **Lei Galega de Conservación**, evitaría o desenvolvemento urbanístico nunha zona con hábitats prioritarios e en parte integrante da rede Natura 2000 e paralizaría o plano sectorial de acuicultura. Para ADEGA e a Plataforma de Corrubedo **non sería entendíbel que o Pleno do Concello de Ribeira non iniciase os trámites para protexer a costa de Corrubedo, pois no seu día se manifestou en contra do proxecto de macropiscifactoría na Laxe Brava.**

A lei galega de conservación da natureza (Lei 9/2001, do 21 de agosto) establece varias figuras de protección. Estas son: Reserva natural, Parque nacional., Parque natural, Monumento natural, Humidal protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dos valores naturais, Espazo natural de interese local e Espazo privado de interese natural.

A figura de Espazo Natural de Interese Local, que só foi aplicada nun caso provisional de finais do ano pasado en San Cibrao das Viñas, regúlase polo Decreto 124/2005, do 6 de maio. Este di textualmente: *“Por petición do concello e logo de informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a Consellería de Medio Ambiente poderá declarar como **espazos naturais de interese local** aqueles espazos integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.”* O decreto fala de que *“a iniciativa para a declaración destas dúas categorías de espazos naturais protexidos procederá, no caso de espazo natural de interese local, do concello onde se encontre o espazo natural que se pretende protexer”*.

Estes espazos locais, segundo a Lei de Conservación e o decreto que os regula, son de xestión municipal, non se considerarán incluídos na Rede galega de espazos protexidos e súa declaración como tales non implicará a asignación de recursos da Comunidade Autónoma, aínda que poderán ter preferencia na obtención de axudas para a súa conservación e xestión. Para **ADEGA e a Plataforma de Corrubedo**, o Concello de Ribeira podería crear un espazo protexido a engadir aos que xa están nos seus lindes –Parque Nacional das Illas atlánticas, Parque Natural de Corrubedo e LIC Complexo Húmido de Corrubedo– no que á poboación local tamén se lle axude a desenvolver actividades sustentábeis e tradicionais, que á vez protexan tan valiosa zona e que sirvan de recurso económico aos seus poboadores con proxectos de gandeiría e agroecoloxía, turismo rural, ecoturismo, comercio local, rutas, etc”.

Ademais, e segundo o antedito decreto: “A iniciación dun procedemento de declaración dun espazo natural protexido ou do procedemento para a elaboración dalgún dos instrumentos de ordenación previstos nesta lei determinará a **prohibición de realizar actos que supoñan unha transformación sensible da realidade física ou biolóxica que dificulte ou imposibilite a consecución dos obxectivos da declaración de espazo natural protexido ou supoña un risco para os seus valores naturais.**”

O Concello de Ribeira ten pois na súa man salvar a Laxe Brava de facto, e non só con declaracións de intencións, pois o decreto que regula os Espazos Naturais de Interese Local é moi claro ao respecto: “Os plans de conservación serán vinculantes, tanto para as administracións públicas coma para os particulares, prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles.” O ACUÍCOLA É UN PLANO SECTORIAL.

ADEGA e a Plataforma de Corrubedo instan pois á corporación municipal de Ribeira a iniciar os trámites de protección da costa de Corrubedo que a Xunta pretende esnaquizar e iniciarán unha recolleita de sinaturas entre a poboación local para instar a aprobación da moción no pleno de setembro.

Asinan:

Fins Eirexas, Secretario Executivo de ADEGA (661993406)

Manoel Santos, Presidente da Plataforma Medioambiental de Corrubedo (686021933)